



QUE NON NOS ROUBEN TAMÉN AS PALABRAS

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

QUE NON NOS ROUBEN TAMÉN AS PALABRAS

liberdade s.f. **1.** Dereito e posibilidade de poder actuar unha persoa segundo os propios criterios e de decidir por ela mesma aquilo que lle atinxe, sen estar sometida ás imposicións doutros. *Ten liberdade para actuar como queira. Un país con liberdade relixiosa. Na casa danlle moita liberdade.* **2.** Situación daquel que non está baixo o dominio absoluto de alguén ou do que non está preso. *A escravitude é todo o contrario da liberdade. Deixaron en liberdade o paxaro que tiñan na gaiola.* ANT. **catividade.** // pl. **3.** Excesiva confianza que unha persoa ten con outra, e que resulta molesta. *Esas liberdades no trato non me gustan.*

DICCIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA

A elaboración académica do termo inclúe na definición dous elementos esenciais: a liberdade é un dereito **das persoas** e a liberdade é o poder da acción **das persoas** sen sometementos.

Na actualidade, o poder e a liberdade (que son das persoas) pasaron a ser os elementos esenciais dos cartos, impóndose a máxima: hai que deixar que os capitais flúan sen trabas!. Vivimos nun tempo onde é máis libre o diñeiro que as persoas e esta liberdade lévanos á contradición de que **a liberdade aplicada pola actual ideoloxía económica só trae sometemento e inxustiza para a maioría da poboación.**

Ao paradoxo de que á liberdade do capital financeiro xera máis ben sometemento, debemos engadirle outra non menos grave: **a política, que é o lugar das decisións libres, debe hoxe tomar decisións atendendo só á voracidade dos mercados, é dicir, decisións non libres. A política xa non é o instrumento da liberdade e da xustiza distributiva senón só o instrumento para evitarmos un maior mal dun monstro moderno: os mercados.** Fáisenos crer que os mercados teñen uns fíos absolutamente determinados e que as únicas decisións políticas consisten en saciar o seu apetito de ganancias: recortar o gasto público para mellorar a conta de resultados. A vida política está, xa que logo, desposuída do seu ser mentres estea determinada polos grandes grupos de poder (sector bancario, financeiro, seguros... europeos na súa maioría). A tecnocracia financeira está a substituír á clase política que tiña como obxectivo a liberdade a igualdade e en definitiva a xustiza

Deste xeito atopámonos con outra apropiación maquiavélica da linguaxe: os dereitos, a sanidade son un gasto causante da situación actual e da súa propia destrución. **Preténdese construír unha amnesia colectiva sobre a verdadeira orixe do sector público como froito da conquista de dereitos, de liberdade e de xustiza.**

Por último é mester lembrar como os inimigos da liberdade pasaron a apropiarse deste concepto para poñelo ao servizo das ganancias. A mediados do XX dominaba no discurso político a idea de que a liberdade sen xustiza social, é dicir, sen igualdade, non sería máis que un termo baldeiro. Para evitalo e conquistar a auténtica liberdade era preciso a realización de políticas de igualdade traducidas nun sistema fiscal progresivo para a extensión dos dereitos sociais a toda a poboación. Pois ben, o que sempre se considerou unha análise racional e obxectiva para xerar xustiza social e liberdade foi empregado polo poder da ideoloxía neoliberal para identificalo como un modelo de imposición (por que teño que pagar eu a escola pública se vou á privada?) e o que é máis grave: un modelo inxusto na medida en que se aproveita do sistema quen non o merece.

Deste xeito comezan a triunfar as ideas de que a sanidade e a educación serán para quen poida pagalas, que só hai abusos nas percepcións por desemprego, no traballo do funcionariado, no traballo dos asalariados do sector privado que só reclaman dereitos polo que hai que deslocalizar as empresas e o traballo para unha maior competitividade (léase explotación legalizada).

É preciso máis que nunca recuperar as palabras que sempre foron nosas, da xente:

- a liberdade é das persoas
- a liberdade sen igualdade non existe
- a liberdade do diñeiro somete e mesmo mata
- os servizos sociais son un dereito e non un privilexio
- construíamos un mundo para vivir e non só para producir e competir
- o emprego racional da tecnoloxía pode liberarnos das ataduras e da desigualdade
- en definitiva, para evitar que nos sigan a roubar, recuperemos o verdadeiro sentido das palabras.